

## ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DE 24 DE SETEMBRO DE 2015

Tendo sido convocada a Comisión Permanente polo Secretario accidental da Facultade para o día 24 de setembro de 2015, e sendo a orde do día: 1. Aprobación da acta anterior. 2. Informes. 3. Admisión a trámite da solicitude de avaliación presentada por Verónica Souto Pereira. 4. Rolda aberta de intervencións.

Existindo o quórum necesario na segunda convocatoria, comeza a reunión ás 14:05 horas coa asistencia de: Ana María Pita Grandal (Presidenta), Jaime Aneiros Pereira (secretario accidental), Rafael Fernández Acevedo, Pilar Allegue Agüete, Francisco Torres Pérez, Carmen Domínguez Rubira, Amparo Rodríguez Damián, Elena Salgado André, José Miguel Diéguez Rodríguez, Isabel Guerrero Gesteira, e Paula Ramil Vázquez

ACÓRDASE:

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior co engadido que solicita o alumno Diéguez Rodríguez relativo á concreción de que o importe das taquillas do que solicitou orzamento ascende a 3.600 euros.

2. Informes.

A Decana informa da próxima celebración dunha Xunta de Facultade na que se fará a corrección de erros apreciados nos horarios e se procederá ao nomeamento de membros de comisión, así como do tratamento doutras cuestións relativas á docencia e á organización do centro.

3. Aprobación se procede da solicitude presentada pola alumna Verónica Souto Pereira

Apróbase por asentimento de todos os presentes a solicitude de avaliación presentada.

4. Rolda aberta de intervencións.

Non se manifestan.

Sendo as 14:15 horas lévántase a sesión, do que dou fe como secretario accidental da Facultade, do día 24 de setembro de 2015.

Jaime Aneiros Pereira